



CONCURSO DE DEBUXOS “LOLO ANDA EN BICICLETA”

Ilustra unha das historias do famoso conto e gaña un premio

CONVOCATORIA _____>

Lolo anda en bicicleta, publicado por Galaxia en 1996, é dicir, hai trinta anos, é o último libro de Literatura Infantil e Xuvenil que Carlos Casares dedicou ao público lector que tanto quería e que tantas alegrías lle devolveu. O último de nove títulos publicados desde 1968 co propósito de ir delimitando os novos camiños polos que ía discorrer o xénero.

O libro saíu do prelo con debuxos de Manuel Uña, que recibiu por eles o Premio Rañolas ao libro mellor ilustrado. Foi traducido ao valenciano, catalán, castelán e mais ao éuscaro.

Para celebrar o 30º aniversario do libro, o Concello de Xinzo de Limia e a Fundación Carlos Casares convocan a VIII edición deste concurso, convidando a todos os nenos e nenas dos centros escolares da Limia a que presenten debuxos que reflectan, á súa maneira, calquera das historias que aparecen nel.

BASES _____>

1. **DESTINATARIOS E CATEGORÍA:** Alumnado dos centros escolares da comarca da Limia en tres categorías segundo o curso:

A. PRIMARIA:

- 1) Primeiro e Segundo, ou [A1]
- 2) Terceiro e Cuarto, ou [A2]
- 3) Quinto e Sexto, ou [A3]

B. SECUNDARIA:

- 1) Primeiro e Segundo, ou [B1]
- 2) Terceiro e Cuarto, ou [B2]



2. **FINALIDADE E FORMATO:** A finalidade do concurso é ilustrar algunha das pasaxes ou historias que aparecen no libro.

O formato da ilustración será en DIN A4 ou tamaño folio, en papel ou cartolina, con calquera técnica artística que conforme a ilustración (pintura, collage, debuxo...), podendo ser un único debuxo ou unha viñeta sempre que se manteña o formato dun folio ou un DIN A4.

As obras deberán ser orixinais, en lingua galega e non poden ter sido premiadas anteriormente noutros concursos. Só se admitirá unha obra por concursante.

3. **PRAZO DE RECEPCIÓN E MODO DE ENVÍO:** A convocatoria estará aberta **do 20 de febreiro ao 8 de maio de 2026.**

As obras deberán enviarse dentro nun sobre pechado grande, no que se porá tamén un sobre pequeno que conteña unha folla cos datos da autoría:

- A. Nome completo e apelidos
- B. Título da obra
- C. Enderezo e teléfono de contacto do pai, nai ou titor da persoa participante.

O sobre grande debe ser anónimo, é dicir, **nunca** levar o nome do concursante. Debe levar:

- Enderezo de envío:

**Oficina de Cultura - Casa da Cultura de Xinzo de Limia
R/ Curros Enríquez, 17 (Praza Carlos Casares)
36320 XINZO DE LIMIA**

- E debaixo:

- Nome do concurso ao que se presente a obra.
- Título da obra que se presenta.
- Categoría na que se concurra, é dicir, cal das cinco anteriores.



O sobre grande así identificado pode entregarse de tres maneiras:

- Enviarse por correo postal.
- Entregarse na Oficina da Casa de Cultura.
- Entregarse na Secretaría do centro escolar.

4. **XURADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN:** O xurado estará composto por:

- A. O alcalde de Xinzo de Limia ou persoa en quen delegue.
- B. O presidente da Fundación Carlos Casares ou persoa en quen delegue.
- C. O pintor Antón Pulido.
- D. Unha profesora de debuxo de centros escolares da Limia.
- E. Un secretario, con voz pero sen voto.

Premiarase a creatividade, a orixinalidade, o equilibrio e composición dos traballos e os recursos técnicos empregados. O premio non poderá ser declarado deserto.

5. **PREMIOS:** Para cada unha das dúas categorías de idade establécense os seguintes recoñecementos:

- A. Primeiro premio de cada categoría: diploma e un vale regalo de 150 euros válido durante o ano en curso.
- B. Segundo premio de cada categoría: diploma e un vale regalo de 100 euros válido durante o ano en curso.

O premio fallarase antes do 15 de maio de 2026, e os premios serán entregados o Día das Letras Galegas.

6. **PUBLICIDADE DOS TRABALLOS E DEREITOS:** Coa entrega dos traballos cédese o dereito a darlles publicidade e de seren amosados nas páxinas web da Fundación Carlos Casares e do Concello de Xinzo de Limia, así como nos espazos físicos desas entidades chegado o caso.



O autor ou autora da obra é o único responsable do que nela se inclúa. Os organizadores declinan toda a responsabilidade legal sobre o seu contido.

A participación neste concurso supón a plena aceptación destas bases. Ante calquera dúbida, prevalecerá a opinión do xurado. Salvo petición por escrito, non se devolverán os traballos presentados, que quedarán recollidos no arquivo da Fundación Carlos Casares. O Concello de Xinzo e a Fundación Carlos Casares reservan o dereito, nun futuro, da publicación das obras gañadoras nas distintas edicións, previa petición formal aos gañadores.

* * *



Representación dunha versión libre teatral
LELA ANDA EN BICICLETA (ESAD Vigo, 2010)

